



Ínez

## CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.  
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SETENTA E SEIS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DOCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta e un minutos do vinte e cinco de setembro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xosé Luís Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. María Alicia Martínez González, D<sup>a</sup>. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García, D. Angel Moldes Martínez, D. Juan José Rodríguez Grandal, D. Alberto Villaverde Méndez e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia o Concelleiro do Partido Popular D. Javier Domínguez Lino e a Concelleira D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Mar Villaverde Rosales e asiste como secretaria a do Concello, Consuelo de la Peña Costoya. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3722.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 31 DE XULLO DE 2012 NÚMERO 474.- De conformidade co establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta á corporación da acta número 474 e pola Secretaria presente na sesión dáse conta do erro acontecido no acordo número 3704 no que onde di: “En conclusión as facturas aprobadas, que se atopan pendentes de abono por un prazo superior a 40 días (ata o día 20 de maio), tendo en conta a data de finalización do 2º trimestre natural (30/06/2012), alcanzan un importe de 234.495,75 euros.” debe dicir: En conclusión as facturas aprobadas, que se atopan pendentes de abono por un prazo superior a 40 días (ata o día 20 de maio), tendo en conta a data de finalización do 2º trimestre natural (30/06/2012), alcanzan un importe de 270.326,08 euros.”; non solicitándose máis rectificacións a corporación aproba a acta anterior coa modificación exposta.

3723- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que segue: “3704.- INTERVENCIÓN, INFORME TRIMESTRAL DO CUMPRIMENTO DA LEI 5/2010, DO 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE 2º TRIMESTRE 2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao departamento de Intervención; 3705.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE RELATIVA Á REVISIÓN DO ACORDO DE EXENCIÓN DO PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) POR PARTE DA IGREXA CATÓLICA OU COMPENSACIÓN EN TANTO NON SE PRODUCIR A REVISIÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Presidencia do Congreso dos Deputados, Presidencia do Goberno, Presidencia do Parlamento de Galicia e Presidencia da Xunta de Galicia; 3706.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE PARA A SUPRESIÓN DO

COPAGO FARMACEUTICO ÁS PERSOAS PENSIONISTAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Presidencia da Xunta de Galicia; 3707.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE CONTRA RECORTES DA XUNTA DE GALICIA NO FOMENTO DO EMPREGO E NOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN, PROMOCIÓN E FORMACIÓN DAS PERSOAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Presidencia da Xunta de Galicia; 3708.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E PSOE RELATIVA AO DECRETO DE AUGAS DE GALIZA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Presidencia da Xunta de Galicia; 3709.- ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO DESLINDE DOS TERMOS MUNICIPAIS DE POIO-PONTEVEDRA, EN EXECUCIÓN DE SENTENZA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia;

3710.- ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO CÓDIGO TELEMÁTICO DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial de Pontevedra; 3711.- MOCIÓN CONXUNTA CONTRA A SUPRESIÓN DE AULAS E CONCENTRACIÓN DO ALUMNADO INFANTIL E DE PRIMARIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e Presidencia da Xunta de Galicia; 3712.- EXP. 53/12, CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JOSE OTERO PENA E FLORA ISABEL PENELA GONZÁLEZ, PARA EXECUCIÓN OBRA DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse aos interesados e remitiuse e publicouse anuncio no Diario Oficial de Galicia; 3713.- EXP. 54/12, CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JOSE ANTONIO CASTRO DEBEN E MARIA ANGELES CALDAS CASTIÑEIRA, PARA EXECUCIÓN OBRA DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse aos interesados e remitiuse e publicouse anuncio no Diario Oficial de Galicia; 3714.- EXP. 55/12, CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E JAIME ACUÑA GONZÁLEZ E DOLORES MARTÍNEZ VILLANUEVA, PARA EXECUCIÓN OBRA DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse aos interesados e remitiuse e publicouse anuncio no Diario Oficial de Galicia; 3715.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL 2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3716.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE POIO, PARA A CESIÓN DE DÚAS VIVENDAS, FINCA E EDIFICACIÓNS ANEXAS NO PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DE CHABOLISMO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia e remituse a documentación ao Instituto Galego da Vivenda e Solo; 3717.- MOCIÓN CONXUNTA CONTRA A REFORMA DO RÉXIME LOCAL E AS MEDIDAS ECONÓMICAS DO PP.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia, aos Grupos Parlamentarios do Congreso e Senado, Presidencia do Goberno, Federación Española de Municipios e Provincias e á Federación Galega de Municipios e Provincias.”

A corporación dáse por enterada.

3724.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta á corporación das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición da corporación xunto cos demais asuntos que figuran na orde; o pleno da corporación dáse por enterada.

3725.- SECRETARÍA, MODIFICACIÓN PERIODICIDADE COMISIÓNS INFORMATIVAS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado a proposta da alcaldía de data 13 de agosto de 2012 e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 20 de agosto de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 13 de agosto de 2012 que di o seguinte “As comisións informativas, integradas exclusivamente por membros da Corporación, son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou

consulta dos asuntos que han de someterse á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes. Igualmente, informarán aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno local e do Alcalde ou Presidente, que lles sexas sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión de aqueles e, efectuarán o seguimento da xestión do alcalde, a Xunta de Goberno e os Concelleiros que ostenten delegacións o seguimento da xestión do alcalde, a Xunta de Goberno e os Concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

Mediante acordo número 3540 adoptado polo Pleno desta Corporación na súa sesión extraordinaria realizada o 05 de xullo de 2011, convocada ao abeiro do establecido no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, prestouse aprobación á proposta da alcaldía de data 30 de xuño de 2011, pola que de conformidade co establecido nos artigos 20.1. c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 212 da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, creáronse entre outras as seguintes comisións informativas coa seguinte periodicidade: “ Comisión Informativa de Urbanismo realizaranse todos os martes de cada semana ás oito horas e Comisión de Seguimento do Plan Especial de Combarro e Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio realizaranse as sesións o último martes de cada mes ás nove horas.”

Oídos aos Presidentes de sendas Comisións esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a aprobación da modificación na periodicidade das comisións anteditas da seguinte maneira:

**PRIMEIRO.-** Comisión Informativa de Urbanismo realizará sesión ordinaria todos os martes de cada mes ás oito horas agás o último martes de mes que realizará sesión ordinaria ás 9:00 horas.

**SEGUNDO.-** Comisión de Seguimento do Plan Especial de Combarro e Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio realizará sesión ordinaria o último martes de cada mes ás 8:15 horas.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación. ”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de agosto de 2012, adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación na periodicidade das comisións anteditas da seguinte maneira:

a) A Comisión Informativa de Urbanismo realizará sesión ordinaria todos os martes de cada mes ás oito horas agás o último martes de mes que realizará sesión ordinaria ás 9:00 horas.

b) A Comisión de Seguimento do Plan Especial de Combarro e Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio realizará sesión ordinaria o último martes de cada mes ás 8:15 horas.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo.

3726.- PATRIMONIO, CESIÓN PARCELA CENTRO DE SAUDE DE ANAFÁNS.- Dáse conta pola Secretaria presente na sesión do expediente tramitado polo Departamento de Patrimonio do Concello en relación á cesión da parcela denominada Pateira na que se ubica na actualidade o Centro de Saúde de Anafáns. O expediente foi ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de agosto de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e da proposta de ditame á comisión da Alcaldía de data 17 de agosto de 2012 que, textualmente di o seguinte:” Visto o expediente tramitado para a cesión gratuíta dunha parcela de 1.905 m<sup>2</sup> denominada Pateira sita na rúa Cabanas na que actualmente se ubica o Centro de Saúde de Anafáns, calificada como ben patrimonial de propios, e unha vez incorporada ao expediente a documentación que se detalla a seguir:

Certificación Catastral Descriptiva e gráfica de bens inmobles de natureza urbana: 7878729NG2977N0001LO

Certificación emitida pola Secretaria Xeral de que a parcela obxecto de cesión figura inscrita no libro Inventario de Bens do Concello, como ben patrimonial de propios.

Certificación da súa inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello.

Informe de data 16 de agosto de 2012 do arquitecto municipal na que se fai consta a non existencia dunha necesidade inmediata de uso do terreo por parte do Concello.

Informe emitido polo ORAL de que o Servizo Galego de Saúde non figura como deudor na facenda pública municipal.,

Informe emitido pola Secretaria Xeral de data 17 de agosto de 2012, do procedemento a seguir para a cesión gratuíta.

Tendo en conta o anteriormente exposto propono á adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Prestar aprobación á cesión gratuíta do ben inmovible-parcela cunha superficie de 1.905 m/2 na que actualmente se ubica o Centro de Saúde de Anafáns.

**Segundo:** Someter o expediente a información pública durante o prazo de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro:** De non formularse alegación ou reclamación ningunha durante o devandito prazo entenderase definitivamente aprobada, debendo remitirse a documentación acreditativa ao Servizo Galego de Saúde.

**Cuarto:** De conformidade co disposto no convenio asinado entre o Concello de Poio e o Servizo Galego de Saúde, aprobar a aplicación do disposto no artigo 5.3 da ordenanza reguladora do Imposto de bens Inmobles: “Establécese a exención do imposto para os bens dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación. ”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de agosto de 2012, adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Prestar aprobación á cesión gratuíta do ben inmovible-parcela cunha superficie de 1.905 m/2 na que actualmente se ubica o Centro de Saúde de Anafáns.

**Segundo:** Someter o expediente a información pública durante o prazo de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro:** De non formularse alegación ou reclamación ningunha durante o devandito prazo entenderase definitivamente aprobada, debendo remitirse a documentación acreditativa ao Servizo Galego de Saúde.

**Cuarto:** De conformidade co disposto no convenio asinado entre o Concello de Poio e o Servizo Galego de Saúde, aprobar a aplicación do disposto no artigo 5.3 da ordenanza reguladora do Imposto de bens Inmobles: “Establécese a exención do imposto para os bens dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros”.

3727.- PATRIMONIO DAR CONTA DA AUTORIZACIÓN DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN ESCOLA DO PEREIRO.- Dáse conta pola Secretaria presente na sesión do expediente tramitado polo Departamento de Patrimonio do Concello en relación ao expediente de desafectación da Escola do Pereiro e que di o que segue: “ Dáse conta do expediente de alteración da

cualificación xurídica desafectación do ben inmoble edificio destinado a Escola de Educación Infantil sito en Rúa Pereiro de Abaixo nº 14 converténdose o ben inmoble de dominio público nun ben inmoble de carácter patrimonial tramitado e do escrito da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 31 de xullo de 2012 autorizando a desafectación, solicitada por este Concello de Poio. A Comisión dáse por enterada.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada da autorización recibida da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**3728.- INTERVENCIÓN, 2ª MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO PRORROGADO.-** Dáse conta pola Secretaria presente na sesión do expediente tramitado polo Departamento de Intervención do Concello en relación á proposta da Concelleira Delegada de Deportes sobre modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento prorrogado O expediente foi ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de setembro de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente, da proposta da Concelleira Delegada de Deportes deste Concello de Poio, Margarita Caldas Moreira, de data 12 de setembro de 2012 e do informe de Intervención Municipal, de data 12 de setembro de 2012 sobre modificación do anexo de subvencións nominativas consistente en substituír o destinatario dunha subvención nominativa por importe de 100 euros, que estaba destinada á Federación de Piragüismo e pasa a destinarse ao clube de Kayak Polo Combarro polo mesmo importe e que dito cambio non supón maior gasto para o Concello.

A Comisión por unanimidade acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, debendo despois expoñerse ao público polo prazo de 15 días a efectos de reclamacións, coa publicación do anuncio no BOP, quedando aprobada definitivamente se no citado prazo non se presentan reclamación e unha vez publicado o anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Eliminar do anexo de subvencións a axuda económica da Federación Galega de Piragüismo por importe de 100,00 € en concepto de celebración trofeo Príncipe de Asturias.

**Segundo.-** Incluír no anexo de subvención a axuda económica a Kayak Poio Combarro por importe de 100,00 € en concepto de torneo kayak Polo.

**Terceiro.-** Someter a información pública polo prazo de 15 días a efectos de reclamacións, coa publicación do anuncio no BOP, quedando aprobada definitivamente se no citado prazo non se presentan reclamacións e unha vez publicado o anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente ao Departamento de Intervención.

**3729.- PERSOAL, PROPOSTA RECOÑECIMENTO DUN COMPLEMENTO RETRIBUTIVO AO PERSOAL MUNICIPAL DURANTE A SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL.-** Dáse conta pola Secretaria presente na sesión do expediente tramitado polo Departamento de Intervención do Concello en relación á proposta do Concelleiro Delegado de Persoal en relación ao recoñecemento dun complemento retributivo ao persoal municipal durante a situación de incapacidade temporal. O expediente foi ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de setembro de 2012 e que di o

que segue: “Dáse conta do expediente, da proposta do Concelleiro Delegado de Persoal, D. Xosé Luís Martínez Blanco, de data 10 de setembro de 2012, que textualmente di o seguinte: “O artigo 9 do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, modifica o réxime retributivo do persoal laboral e funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social durante a situación de incapacidade temporal e establece que cada Administración Pública poderá complementar as prestacións que perciba o persoal ao seu servizo na situación de I.T., .

Polo motivo exposto, proponho determinar as seguinte prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal funcionario e laboral deste Concello, de acordo cos seguintes límites:

1) Incapacidade temporal derivada de continxencias comúns:

a)- Durante os tres primeiros días, recoñécese un complemento retributivo ata acadar, como máximo, o 50% das retribucións que se veñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

b).- Dende o día 4º ata o 20º, ambos incluídos, recoñécese un complemento retributivo que sumado a prestación económica recoñecida pola Seguridade Social non supere o 75% das retribucións que viñeran correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

c).- A partir do día 21º, inclusive, recoñécese unha prestación equivalente ao 100% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a baixa.

d).- Supostos de carácter excepcional debidamente xustificados.- Establécese un complemento ata acadar, como máximo, o 100% das retribucións que viñeran disfrutando en cada momento. Consideraranse, en todo caso, debidamente xustificados, os suposto de hospitalización, intervención cirúrxica, enfermidades crónicas graves que non supoñan hospitalización.

2).- Incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais:

Recoñécese dende o primeiro día, un complemento retributivo que sumado á prestación económica recoñecida pola Seguridade Social acade como máximo o 100% das retribucións que viñeran correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.”

A Comisión por unanimidade acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro**.- Aprobar unha prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal funcionario e laboral deste Concello, de acordo cos seguintes límites:

1) Incapacidade temporal derivada de continxencias comúns:

a)- Durante os tres primeiros días, recoñécese un complemento retributivo ata acadar, como máximo, o 50% das retribucións que se veñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

b).- Dende o día 4º ata o 20º, ambos incluídos, recoñécese un complemento retributivo que sumado a prestación económica recoñecida pola Seguridade Social non supere o 75% das retribucións que viñeran correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

c).- A partir do día 21º, inclusive, recoñécese unha prestación equivalente ao 100% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a baixa.

d).- Supostos de carácter excepcional debidamente xustificados.- Establécese un complemento ata acadar, como máximo, o 100% das retribucións que viñeran disfrutando en cada momento. Consideraranse, en todo caso, debidamente xustificados, os suposto de hospitalización, intervención cirúrxica, enfermidades crónicas graves que non supoñan hospitalización.

2).- Incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais:

Recoñécese dende o primeiro día, un complemento retributivo que sumado á prestación económica

recoñecida pola Seguridade Social acade como máximo o 100% das retribucións que viñeran correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención, Tesourería Municipal, Departamento de persoal Funcionario e laboral.

3730.- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 03 DE SETEMBRO DE 2012, SOBRE DETERMINACIÓN FESTAS LOCAIS 2013.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Persoal do Concello de Poio en relación á determinación das festas locais para o exercicio 2013 e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de setembro de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente tramitado con motivo do escrito de data 30 de xullo de 2012 do Servizo de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar no que se solicita formular proposta de festas de carácter local para o ano 2013 e remítilla antes do día 30 de setembro de 2012, e da proposta da Alcaldía de data 30 de agosto de 2012 que textualmente di o seguinte: “Con data 10 de agosto de 2012 ten entrada no Rexistro Xeral do Concello escrito do Servizo de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar polo que en virtude do disposto no artigo 37.2 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores e no artigo 45 e 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, solicita se realice proposta de festas locais deste Concello para a determinación das festas de carácter local para o ano 2013.

É habitual, que este Concello determine os días 24 de xuño (San Xoán) e 24 de setembro (Nosa Sra. da Mercé) , de cada ano como festa de ámbito local, pero tendo en conta que mediante decreto 169/2012, do 1 de agosto, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2013, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 153 do 10/08/2012, optouse polo día 24 de xuño, día de San Xoán, como festa laboral propia da Comunidade Autónoma en substitución do 8 de decembro, día da Inmaculada, por coincidir en domingo PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, por razón de urxencia, en virtude do disposto no artigo 16.d) de Regulamento Orgánico Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Determinar como festas de carácter local do Concello de Poio para o ano 2013 o 13 de febreiro (Mércores de Cinza) e 24 de setembro (Nosa Sra. Da Mercé).

Segundo: Remitir dito acordo á Consellería de Traballo e Benestar, Servizo de Relacións Laborais antes do 30 de setembro de 2012.

Terceiro: Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.”

Así mesmo dáse conta do acordo nº 10542 da Xunta de Goberno Local de data 3 de setembro de 2012 na que se acordou o seguinte: 1º) Aprobar a proposta da Alcaldía nos seus propios termos e determinar como festas de carácter local do Concello de Poio para o ano 2013 o día 13 de febreiro (Mércores de Cinza) e o 24 de setembro (Nosa Sra. Da Mercé). 2º) Remitir o presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar, Servizo de Relacións Laborais antes do día 30 de setembro de 2012. 3º) Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se realice.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros ratificou o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local número 10542 adoptado por razón de urxencia en virtude do artigo 16.d) do Regulamento Orgánico Municipal.

3731.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE, CO MOTIVO DO ANUNCIO DO GOBERNO DE ESPAÑA PARA REFORMAR A LEI 2/2010, DE SAUDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO.- Previa ratificación da inclusión do presente asunto na orde do día de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de

organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE) 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, pola Secretaria presente na sesión dáse conta do texto da moción conxunta do Grupo Municipal do BNG e do PSOE presentada no Rexistro Xeral do Concello con data 19 de setembro de 2012, número 4639 en relación co anuncio do goberno de España de reformar a Lei 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e interrupción do embarazo e que di o que segue: “Ante a intención manifesta do actual Goberno do estado español de reformar a Lei 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria del Embarazo, en termos claramente restritivos e de eliminación de dereitos, máis de 30 organizacións galegas (políticas, sindicais, de mulleres, colectivos en defensa da sanidade e outras entidades sociais, uníronse baixo o manifesto “Decidir fainos libres” que aposta claramente polo dereito das mulleres a decidir libremente sobre a interrupción do seu embarazo como parte fundamental dos Dereitos Humanos das Mulleres, porque o exercicio deste dereito non pode ser regulado polo Código Penal.

Unha vez máis o Goberno do PP, ante a ineficacia da súa política económica, optou por aplicar a súa política ideolóxica máis conservadora, recortando os dereitos das mulleres. Unha perda de dereitos que suporía un risco para a saúde e a vida das mulleres, omitindo a obriga do Estado de acordo coa normativa europea e internacional, de referendar a protección e seguridade xurídica en materia de dereitos sexuais e reprodutivos.

O dereito a decidir das mulleres sobre os seus corpos e as súas vidas está enfrontado co prototipo de femineidade que discrimina ás mulleres e que pretende impor o Goberno con esta anunciada reforma.

Con esta moción seguimos as recentes recomendacións de Nacións Unidas, con ocasión da revisión do cumprimento do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (PIDESC), onde recoñece os dereitos ao traballo, educación, seguridade social e o dereito a garantir o máis alto nivel posible de saúde, incluíndo a saúde mental, sexual e reprodutiva, sen discriminación algunha. Nelas, Nacións Unidas recomenda ao estado español garantir a plena aplicación da Lei Orgánica 2/2010 de 3 de marzo de 2010 en todo o territorio e a adopción dun procedemento básico común a todas as comunidades para garantir un acceso equitativo á interrupción voluntaria do embarazo; e evitar que o exercicio da obxección de conciencia por parte de médicos e doutros membros do persoal sanitario non constituía un obstáculo para as mulleres que queiran por fin a un embarazo.

E por isto que os grupos municipais do BNG e do PSOE presentan esta moción e solicitan o voto favorable do Pleno da Corporación municipal para a adopción dos seguintes ACORDOS

1- Este Concello acorda adherirse ao manifesto “DECIDIR FAINOS LIBRES” elaborado pola Plataforma Estatal en Defensa dos Dereitos Sexuais e Reprodutivos que agrupa a máis de 140 organizacións sociais e de mulleres. Así mesmo, comprométese a colaborar coa Plataforma Galega recentemente constituída, que integra ata agora 31 organizacións de toda Galicia, promovendo as súas actividades a través dos medios de comunicación locais e con actividades de difusión do Manifesto.

2- Este Concello acorda esixir ao Goberno Central o mantemento da Lei 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo. No mesmo senso, acorda instar ao Goberno da Xunta de Galicia a posta en marcha dos mecanismos precisos para a implantación de dita Lei, de xeito que garanta que as mulleres na nosa comunidade poidan exercer o seu dereito á interrupción voluntaria do embarazo, de así o desexaren.”

Pola voceira do Grupo Municipal do BNG, a concelleira Silvia Díaz Iglesias explícase o contido da moción presentada e motivada fundamentalmente polo recorte que a modificación supón ao dereito das mulleres, trátase dunha reforma que non segue as recomendacións das nacións unidas con ocasión da revisión do cumprimento do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais e ademais retrocede ao ano 1985, e o que se consegue é unha criminalización e penalización á liberdade da muller volvendo a un sistema patriarcal e machista. Por estes motivos e polos que se expoñen no texto na moción o grupo municipal do BNG rexeita a modificación da Lei que pretende o goberno central.



A voceira do Grupo Municipal Socialista, a concelleira Consuelo Besada Lores manifesta que están en total desacordo coa modificación da lei proposta polo goberno, trátase dunha modificación gravosa para a muller, xa que estamos a falar de decisións moi difíciles para as persoas que a teñen que tomar estando as asociacións, organizacións, sindicatos en contra desta proposta. Apoiamos a moción presentada.

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Angel Moldes Martínez di que simplemente se trata dunha modificación puntual que estaba recollida no programa electoral, que consiste principalmente no consentimento da parella ou familiar na toma de decisión. Ademais a lei do ano 2010 está emendada por órganos consultivos de forma desfavorable.

O Sr. Martínez Blanco di que estamos falando dunha modificación moito máis seria e pregunta se é unha tomadura de pelo aos membros da corporación coa revisión do texto estase a retroceder nos dereitos das mulleres e volver ao momento no que soamente podían interromper o seu embarazo aquelas persoas con poder adquisitivo alto.

O Sr. Agís Gómez manifesta que o texto da moción non vai en contra da modificación puntual plantexada polo Sr. Moldes, senón que se está a falar dunha cuestión moito máis grave, limitar aínda máis os supostos nos que unha muller pode interromper o embarazo, isto xa foi exposto polo Ministro de Xustiza. A lei do ano 2010 foi realizada e analizada por especialistas e profesionais, descoñecemos os órganos que informaron en contra, se non a recorrestes é porque a lei é favorable.

Unha vez rematada a quenda de intervencións procédese a votación do texto da moción a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Adherirse ao manifesto “DECIDIR FAINOS LIBRES” elaborado pola Plataforma Estatal en Defensa dos Dereitos Sexuais e Reprodutivos que agrupa a máis de 140 organizacións sociais e de mulleres. Así mesmo, comprométese a colaborar coa Plataforma Galega recentemente constituída, que integra ata agora 31 organizacións de toda Galicia, promovendo as súas actividades a través dos medios de comunicación locais e con actividades de difusión do Manifesto.

**Segundo.-** Exixir ao Goberno Central o mantemento da Lei 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo. No mesmo senso, acorda instar ao Goberno da Xunta de Galicia a posta en marcha dos mecanismos precisos para a implantación de dita Lei, de xeito que garanta que as mulleres na nosa comunidade poidan exercer o seu dereito á interrupción voluntaria do embarazo, se así o desexaren.

3732.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE PARA IMPEDIR A PERDA DE PODER ADQUISITIVO DAS EMPREGADAS E DOS EMPREGADOS PÚBLICOS AFECTADOS POLO DECRETO 20/2012.- Previa ratificación da inclusión do presente asunto na orde do día de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE) 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, pola Secretaria presente na sesión dáse conta do texto da moción conxunta do Grupo Municipal do BNG e do PSOE presentada no Rexistro Xeral do Concello con data 19 de setembro de 2012, número 4638 para impedir a perda do poder adquisitivo das empregadas e empregados públicos afectados polo decreto 20/2012 e que di o que segue: “As decisións adoptadas polo Goberno central en materia de política económica están a provocar un agravamento da crise económica. A obsesión por dar unha prioridade absoluta á contención do gasto público, seguindo sen matices os ditados emanados polo FMI, o BCE ou a UE, cada vez máis pregados aos intereses do capital financeiro transnacional, ocasionan

tanto unha continua perda de empregos como un empeoramento das condicións de vida das persoas que manteñen o seu emprego.

Até o de agora, o “programa de reformas” executado polo PP só deu como resultados máis desemprego, unha caída no consumo e na actividade económica, e un maior estancamento do crédito ás persoas emprendedoras, empresas e familias. Ningún sector económico é alleo nestes momentos á crise, porén tampouco se están a elaborar estratexias para reactivar o pulso económico nos mesmos.

A única política definida é a de aplicar continuos recortes en dereitos económicos e sociais conquistados en favor das maiorías sociais. Esa teima amosa que este Goberno está a empregar a crise como pretexto para avanzar no modelo neoliberal de sociedade cada vez máis desigual, cunha maior desprotección para as persoas máis desfavorecidas, e ao tempo cun reforzamento de privilexios para minoritarias elites sociais. O propio Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU vén de afirmar, respecto do Estado español, que “as medidas de austeridade están prexudicando de forma desproporcionada os grupos desfavorecidos”, asegurando ademais que os axustes están a destruír o estado do benestar e provocando un aumento considerábel do número de persoas en risco de pobreza.

O último episodio desta errática política económica constitúeo o Real Decreto-Lei 20/2011, do 13 de xullo, que contén medidas destinadas á minoración retributiva e de dereitos laborais para as empregadas e os empregados públicos, á redución das prestacións por desemprego, á diminución do financiamento do sistema de axuda á dependencia, á liberalización comercial que provocará perdas ao comercio tradicional fronte ás grandes superficies comerciais. Todo iso completado cunha suba fiscal (o IVE) na imposición asociada ao consumo de xeito que se reparten linealmente as cargas contributivas no canto de acometer unha reforma fiscal progresiva sobre as grandes fortunas e patrimonios e as rendas máis altas.

A aprobación de dita norma realizouse dun xeito impropio á relevancia do seu contido. Apenas unhas semanas após de terse publicado os orzamentos xerais do Estado, e cando a maior parte das administracións públicas xa afrontan os obxectivos e a planificación do exercicio seguinte, o presidente do Goberno do Estado anunciou as medidas, sen diálogo nin consenso previo, que son aprobadas só dous días despois, sen que tampouco as persoas, entidades representativas e mesmo administracións implicadas na súa execución poidan participar en dito proceso.

Unha auténtica imposición, que no caso dos concellos socava a autonomía local, ao pretender facelos partícipes de medidas inxustas, das que moitas corporacións locais discrepan politicamente, porque atacan de novo dereitos consolidados de persoas traballadoras, ademais de resultar inútiles, como xa se ten demostrado.

A nova redución retributiva ás empregadas e aos empregados públicos que se plasma no Real Decreto-Lei 20/2011 imponse de xeito unilateral, malia que esa medida xa se ten ensaiado noutros momentos dentro de actuacións económicas contra a crise, e tivo un resultado contrario do que se perseguía. Nada indica na práctica que a redución salarial sobre as persoas traballadoras, entre elas as persoas que desenvolven o seu traballo no sector público, contribúa á reactivación económica, ao contrario, aínda resta capacidade adquisitiva á maior parte da poboación co que se resente o consumo e a actividade económica.

No caso concreto do noso concello, estamos seguros de que eliminar a paga extra ás empregadas e aos empregados da administración municipal é unha medida profundamente inxusta e equivocada. Tamén no ámbito local, agravará aínda máis a crise, xa que reducir o poder de compra das empregadas e dos empregados públicos afectará moi negativamente as pequenas e medianas empresas, ao pequeno comercio, en xeral ao tecido económico deste concello.

Por iso, ante o escenario deseñado polo Goberno do Estado, inútil e errático á hora de recuperar e impulsar a economía como todos os indicadores económicos demostran, ineficaz para asegurar financiamento público e privado dadas as persistentes restricións no crédito, e pertinaz en aplicar reformas que teñen como único obxectivo recortar dereitos económicos e sociais das maiorías sociais, é preciso adoptar un posicionamento político unívoco por parte desta Corporación Municipal en contra desa política, alén de articular as medidas que sexan necesarias para evitar a perda de poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos.

Por iso, os grupo municipais do BNG e do PSOE solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes Acordos

Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.

Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente os vinculados aos concellos, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no concello e no tecido económico local.

Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Alcaldía (*ou Xunta de Goberno Local, segundo proceda*) a que adopte as medidas necesarias para conseguir ese obxectivo.”

Pola voceira do Grupo Municipal do BNG, Silvia Díaz Iglesias procédese á explicar o contido da moción conxunta presentada manifestando que desde o Grupo Municipal do BNG rexéitanse as medidas adoptadas polo goberno central xa que prexudican ás clases sociais medias favorecendo a elite. Coas normas que está a aprobar o PP a sociedade é máis desigual, con menos poder adquisitivo, prodúcese unha baixada do consumo, e incrementase o desemprego.

A Voceira do Grupo Municipal Socialista manifesta que o seu grupo está en desacordo coa normativa aprobada mediante o real decreto do mes de xullo, así como xa estivemos en desacordo coa reforma laboral, o único que está a facer o PP coa aprobación destas medidas é establecer unha división na sociedade, ricos e pobres. Unha das medidas adoptadas afecta directamente ao empregado público, prexudica á clase media, Pero a crise non foi provocada por este colectivo, senón pola dereita e pola banca.

O Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular manifesta que o texto da moción é un eufemismo, vai orientada fundamentalmente a paliar a supresión da paga extraordinaria do mes de decembro dos empregados públicos e non se corresponde co título. Hai medidas de compensación pero resultan ilegais e hai que ver de onde se sacan os cartos para facer fronte ao pagamento, ao mellor soben os impostos á veciñanza.

O Concelleiro Martínez Blanco di que con esta moción estamos instando ao goberno municipal á buscar maneiras e fórmulas para compensar a perda do poder adquisitivo dos funcionarios, ese é o acordo a adoptar. A perda de poder adquisitivo do funcionariado é importante e constante: primeiro foi o 5% desde xuño do ano 2010, anos sen revalorizarse, e agora as medidas contempladas no decreto 20/2012..

É normal que defendades políticas que impoñen desde Madrid, para o voceiro do grupo popular é difícil apartarse do que di Madrid, pero nos, imos buscar unha alternativa legal para compensar aos empregados do Concello.

Ademais é curioso, que o mesmo que cando se rebaixou un 5% o salario, este novo recorte, imposto aos empregados públicos, sirva tamén para rebaixar a débeda, dado que os cartos da supresión da paga extra, quedan como nun limbo, e poden ingresarse nun plan de pensións, o que reporta máis cartos para os bancos.

O Sr. Barreiro Lubián di que a acción de goberno e as leis aprobadas responden a unha política económica moi clara, a un sistema neoliberal. É curioso hai grandes empresas que teñen beneficios pero pola contra rebaixan as condicións de traballo aos seus empregados, negociando a baixa, é o caso de Inditex.

Se pode reconducir a situación económica, hai medidas alternativas: en vez de pagar aos bancos o xuro do 5%, pagar o 1%, que as grandes fortunas paguen como o resto da cidadanía, non un 2%; non subir o IVE, porque a caída de ingresos estimase que será do 2%. Pero as decisións hai que tomalas, onde hai que tomalas, hai que gobernar desde España e non desde Berlín. Vos defendedes ese modelo, así a imaxe do goberno é penosa, o BNG non cambiou o discurso, sempre puxo de manifesto, onde hai que tomar a decisión, sobre todo as que afectan aos galegos, tamén na integración na comunidade económica europea.

O Sr. Agís Gómez di que o problema da crise é un problema financeiro mundial. Se o presidente anterior era malo o actual é peor xa que en dez meses non arranxou nada. O déficit é brutal, a situación é moi mala e ían a reponer o sistema pero os indicadores non responden.

A Sra. Besada Lores manifesta que a subida dos impostos fainas o Partido Popular, como por exemplo o imposto de bens inmobles, que neste concello mediante a modificación da ordenanza subiuse dun 0,45% a un 0,47% pero o goberno central mediante lei sóbeo a un 0,50%, pero claro como quen recada é o Concello parece que o subimos nos, pero non é así.

As medidas que adoptou o goberno socialista anterior foron tomadas con penosidade e non tan alegremente como as adopta o Partido Popular e o que nos espera.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que o único que fai o Partido Popular é tratar de arreglar a situación que deixou o goberno anterior. Cando no ano 2009 se falaba que a situación de España era mala , para o PSOE non o era e , todo o contrario. Non son medidas que o PP tome con alegría, son medidas para arranxar o que vostedes deixaron.

Continúa a intervención a voceira do Grupo Municipal Socialista manifestando que nos 8 anos que gobernou o Partido Socialista elaboráronse leis que serán recoñecidas co paso do tempo e que por desgracia vostedes se están encargando de desfacer. Xa non se engana a ninguén co tema da herdanza recibida, o único que están a facer é acabar co estado de benestar , xa que o único que prioriza o PP son as privatizacións (sanidade, educación...) dos servizos para os amigos e grandes empresarios.

Unha ve rematado a quenda de intervencións sométese directamente a consideración do Pleno da Corporación o texto da moción o que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.

**Segundo.-** Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente os vinculados aos concellos, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no concello e no tecido económico local.

**Terceiro.-** Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Alcaldía (*ou Xunta de Goberno Local, segundo proceda*) a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo.

3733.- ADHESION INICIATIVA DE LOCALIDADES SOLIDARIAS CO ALZHEIMER.- Previa ratificación da inclusión do presente asunto na orde do día de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, pola Secretaria presente na sesión dáse conta do escrito de data 13 de setembro de 2012 e que tivo entrada no Rexistro Xeral o día 17 de setembro de 2012, número 4588 remitido pola Federación de Asociacións Galegas de Familiares Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias (Fagal) na que informa da celebración o día 21 de setembro, do día Mundial do Alzheimer na que solicita do Pleno da Corporación a adopción de acordo de adherirse á iniciativa de Localidades Solidarias co Alzheimer

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable da unanimidade de asistentes acordou adherirse á iniciativa Localidades Solidarias co Alzheimer adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- O Concello de Poio como Localidade Solidaria co Alzheimer apoia a iniciativa liderada pola Alianza do Alzheimer que reivindica a posta en marcha dunha política de estado de Alzheimer.

3734.- MOCION CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE PARA INSTAR AO GOBERNO ESTATAL A MODIFICAR AS RESTRICIÓN S INTRODUCIDAS AO PLAN PREPARA NO REAL DECRETO LEI 23/2012, DE 24 DE AGOSTO, DIRIXIDO Á S PERSOAS QUE ESGOTEN A SÚA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO.- Previa ratificación da inclusión do presente asunto na orde do día de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE) 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, pola Secretaria presente na sesión dáse conta do texto da moción conxunta do Grupo Municipal do BNG e do PSOE presentada no Rexistro Xeral do Concello con data 20 de setembro de 2012, número de entrada 4650 coa finalidade de instar ao goberno estatal a modificar as restricións introducidas ao plan prepara no real decreto lei 23/2012, do 24 de agosto, dirixido ás persoas que esgoten a súa prestacións por desemprego e que di o que segue: “O paro é o principal problema do estado español. A actuación do Goberno agrava día a día este problema e as súas consecuencias máis negativas para a cidadanía. A última enquisa de poboación activa pon de manifesto o dramático aumento do desemprego, o incremento do número de parados de longa duración e o de fogares con todos os seus membros no paro. A enquisa reflicte os aumentos do paro que xa mostraban as cifras desestacionalizadas dos meses de abril, maio, xuño e xullo do presente ano.

As políticas desenvolvidas polo goberno, lonxe de atallar o problema do paro, agrávanlo, e cada nova previsión do goberno establece un novo récord de parados.

A reforma laboral, ao abaratar e facer doado o despido en tempos de crise, está provocando unha sangría insoportable en termos de emprego.

Os presupostos xerais do estado teñen significado un recorte drástico das políticas activas de emprego, especialmente as transferencias ás CCAA, con reducións de máis de 1.700 millóns de euros, un 54%. Estes recortes lévanse por diante as políticas de axuda ós desempregados na súa busca de emprego, pois afectan ós programas de orientación, formación e re-cualificación. Todo isto en contra das recomendacións do Consello Europeo.

O Real Decreto - Lei 20/2012 , de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de fomento da competitividade, cercena de forma descomunal a protección das persoas desempregadas ao suprimir subsidios especiais para os maiores de 45 anos, ao elevar a idade de 52 a 55 anos, e expulsa da Renda Activa de Inserción a practicamente ao 90% das persoas beneficiarias. Centos de miles de desempregados veranse sen protección algunha nos próximos meses.

As políticas do goberno están provocando a fractura social de España: máis paro, menos protección, menos dereitos, e contra toda recomendación comunitaria, menos políticas activas para fortalecer o emprego dos parados.

Neste contexto, o Goberno viuse obrigado pola presión popular a aprobar un Real – Decreto que prorroga a axuda dos 400 euros, pero con moitas restricións que fan que o Real Decreto non sexa unha prorroga do anterior programa PREPARA xa que deixa fora á inmensa maioría da mocidade, a todos os parados de longa duración con un só descendente, a toda persoa parada sen familia aínda que estea na indixencia. De igual forma, deixa fora os parados que tiveron contratos temporais e ás máis de 583.000 familias con todos os seus membros en paro que non reciben ningunha prestación.

Por iso a continuidade do programa PREPARA é unha necesidade de primeiro orde. Este programa mostrou claramente a súa eficacia e propiciou a mellora da impermeabilidade de máis de 450.000 desempregados. Este programa apoiase nunha combinación de medidas activas de orientación, formación e re-cualificación ó tempo que facilita unha axuda de renda á persoas desempregadas.

Non podemos permitir que o Plan PREPARA se desvirtúe nas circunstancias actuais, porque é a única fonte de subsistencia das persoas que esgotan a prestación por desemprego e que dependen exclusivamente destes

400 € para poder vivir.

E por isto que os grupos municipais do BNG e do PSOE presentan esta moción e solicitan o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción dos seguintes ACORDOS

Instar ó Goberno Central a que, con fin de garantir a transición ao emprego, acadar unha maior coordinación entre as políticas activas de emprego e as axudas económicas de acompañamento e evitar a exclusión social, anule as restricións introducidas ó Plan Prepara no Real Decreto – Lei 23/2012, do 24 de agosto, e prorrogue o Real Decreto – Lei 1/2011, de 11 de febreiro ata, o menos, o 15 de agosto de 2013.”

Unha vez explicado o texto da moción pola Voceira do Grupo Municipal do BNG e non suscitándose debate ningún sométese directamente a consideración do Pleno da Corporación o texto da moción o que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Instar ó Goberno Central a que, con fin de garantir a transición ao emprego, acadar unha maior coordinación entre as políticas activas de emprego e as axudas económicas de acompañamento e evitar a exclusión social, anule as restricións introducidas ó Plan Prepara no Real Decreto – Lei 23/2012, do 24 de agosto, e prorrogue o Real Decreto – Lei 1/2011, de 11 de febreiro ata, o menos, o 15 de agosto de 2013.

#### MOCIÓN URXENTES.- PRODÚCENSE OS SEGUINTE.

3735.- ESCRITO ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CAMPELO, REHABILITACIÓN PEIRAO ILLA DE TAMBO.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo Sr. Alcalde dáse conta do escrito de data 11 de setembro de 2012, presentado o mesmo día no Rexistro Xeral, número de entrada 4451, subscrito por D. José Currás Martínez en representación da Asociación de Veciños de Campelo na que insta ao Pleno da Corporación á adopción dun acordo plenario en relación á rehabilitación do peirao de atraque da Illa de Tambo e á adecuación do contorno da mesma xa que na actualidade está moi deteriorado.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Instar ao Ministerio de Defensa para que adopte as medidas necesarias para a realización das obras de rehabilitación do peirao de atraque da Illa de Tambo e da adecuación do contorno da mesma.

**Segundo.-** Remitir o acordo ao Ministerio de Defensa, Escola Naval, Portos de Galicia e Portos do Estado.

#### ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e vinte e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria acetal, dou fe.